WIKIPEDIA

Lingua sindhi

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

A **lingua sindhi**[3] (سنڌي, सिन्धी, 𑋝𑋡𑋟) é unha lingua indoaria da histórica rexión de Sind, falada polo pobo sindhi. É a lingua oficial da provincia de Sind, Paquistán.[4][5][6] Na India, o sindhi é unha das linguas oficialmente recoñecidas polo goberno federal. Ten influencias da lingua baluchi e da lingua kutchi faladas nas provincias adxacentes de Baluchistán e Kachchh.

A maioría dos falantes de sindhi concéntranse en Paquistán, na provincia de Sind, e na India, na rexión Kachchh do estado de Gujarat e na rexión de Ulhasnagar do estado de Maharashtra. Os falantes da India compóñense por sindhis hindús que migraron dende Sind e se asentaron na India despois da independencia de Paquistán en 1947, e tamén pola diáspora sindhi en todo o mundo. A lingua sindhi tamén é falada por comunidades sindhi de Hong Kong, Omán, Indonesia, Singapur, os Emiratos Árabes Unidos, o Reino Unido e os Estados Unidos de América.[7]

Sindhi
सिन्धी 𑋝𑋡𑋟 سنڌي

Falado en:	Sind, Paquistán
Rexións:	Asia Meridional
Total de falantes:	75 millóns (2015)[1]
Familia:	Indoeuropea Indoirania Indoaria Zona noroeste Linguas sindhi **Sindhi**
Escrita:	Alfabeto árabe, devanágari, escrita khudabadi, escrita laṇḍā e gurmukhi[2]
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Paquistán (Sind) India
Regulado por:	Autoridade da Lingua Sindhi (Paquistán), Consello Nacional para a Promoción da Lingua Sindhi (http://www.ncpsl.gov.in/) (India)
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	`sd`
ISO 639-2:	`sdn`
ISO 639-3:	`sdn (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=sdn)`

Notas

1. Nationalencyklopedin "Världens 100 största språk 2007" The World's 100 Largest Languages in 2007
2. Sindhilanguage.com (ed.). "Script".
3. "Entrada *sindhi* en Digalego". Arquivado dende o orixinal o 03 de xaneiro de 2017. Consultado o 02 de xaneiro de 2017.
4. Gulshan Majeed. "Ethnicity and Ethnic Conflict in Pakistan" (PDF). *Journal of Political Studies*. Consultado o 27 de decembro de 2013.
5. "Sindhi". *The Languages Gulper*. Consultado o 27 de decembro de 2013.
6. Sindhi Language (ed.). "Encyclopædia Britannica". Consultado o 29 de decembro de 2013.
7. "English to Sindhi Dictionary & Sindhi to English Dictionary". *KhandBhale.org*. Consultado o 24 de agosto de 2015.

Véxase tamén

Bibliografía


Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua sindhi***

- Chopra, R. M., The Rise, Growth And Decline of Indo-Persian Literature, 2012, Iran Culture House, New Delhi, Chapter on"Persian in Sindh".
- Cole, Jennifer S (2001). H W Wilson, ed. *Facts About the World's Languages*. pp. 647–653. ISBN 0-8242-0970-2.
- *International Phonetic Association*. 1999. ISBN 0-521-63751-1.
- Khubchandani, Lachman M (2003). Routledge, ed. *The Indo-Aryan Languages*. pp. 622–658. ISBN 978-0-415-77294-5.
- Shackle, Christopher (2007). *Language and national identity in Asia*. Oxford linguistics Y. ISBN 978-0-19-922648-1.
- Trumpp, P (1872). Trübner and Co, ed. *Grammar of the Sindhi Language*. Londres. ISBN 81-206-0100-9.